

ACTA 18/20

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 7 DE DECEMBRO DE 2020 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 7 de decembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a María López Álvarez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.^a M^a Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.^a Iria Otero Romero

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 17/08/2020, ORDINARIA DO 07/09/2020, ORDINARIA DO 21/09/2020, ORDINARIA DO 05/10/2020, ORDINARIA DO 19/10/2020, ORDINARIA DO 02/11/2020, ORDINARIA DO 16/11/2020 E EXTRAORDINARIA DO 23.11.2020

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS

4.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I” (POS+ADICIONAL 1/ 2019)

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A D. SALUSTIANO RODRÍGUEZ NOGUEIRA

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 17/08/2020, ORDINARIA DO 07/09/2020, ORDINARIA DO 21/09/2020, ORDINARIA DO 05/10/2020, ORDINARIA DO 19/10/2020, ORDINARIA DO 02/11/2020, ORDINARIA DO 16/11/2020 E EXTRAORDINARIA DO 23.11.2020.

Acta da sesión ordinaria do día 17 de agosto de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 17 de agosto de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 7 de setembro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 7 de setembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 21 de setembro de 2020

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21 de setembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 05 de outubro de 2020

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 5 de outubro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 19 de outubro de 2020

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de outubro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 02 de novembro de 2020

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 2 de novembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 16 de novembro de 2020

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 16 de novembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria de 23 de novembro de 2020

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 23 de novembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A FLORENCIO CRUZ BARREIRO, licenza para obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar, en San Domingo, nº 68, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514023520000KF, (Expte. electrónico 2020/U022/000018), segundo proxecto redactado polo arquitecto Miguel López Álvarez.

Expediente núm: **49/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Miguel López Álvarez, visado no colexio oficial de arquitectos en data 08.10.2020.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente escritura de cesión para viario, de data dezaseis de setembro de dous mil vinte, do notario Inmaculada Espiñeira Soto, dunha superficie de 132,00 metros cadrados.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase a inscrición no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que

figuran na escritura de data dezaseis de setembro de dous mil vinte, do notario Inmaculada Espiñeira Soto.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N1, Núcleo rural tradicional

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto/a director/a das obras: Miguel López Álvarez

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Eladio Domínguez Vila

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Miguel López Álvarez

-Edificabilidade: 0,24 m²/ m²

-Altura máxima: B 3,40 m.

-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 24,16%

Recuamento á aliñación: aliñación oficial

Recuamento a lindeiros: 3,00 m

Pendente máxima de cuberta: <30°

Altura do cumio: <4,00 m

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.

Vol Max Ampliación: 47,55% = 990,19 m³

-Presuposto: 38.937,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 778,75 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 958,75 euros.

2.2. A JORGE FRAGA MÍGUEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Osebe, nº 96, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508017360000ST, (Expte. electrónico 2020/U022/000013), segundo proxecto redactado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González.

Expediente núm: **50/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González, visado no colexio oficial de arquitectos en data 05.10.2020.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 28,00 metros cadrados, asinado polo promotor.

-Figura no expediente copia, facilitada por Augas de Teo, do contrato para acometida abastecemento e saneamento (3182/20), xunto co xustificante de pagamento.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polos promotores.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición

realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N1, Núcleo rural tradicional

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto/a director/a das obras: Juan Carlos Bastos González

-Arquitecto/a técnico/a director/a: María del Pilar Tubio Piñeiro

-Coordinador/a de seguridade e saúde: María del Pilar Tubio Piñeiro

-Edificabilidade: 0,13 m²/ m²

-Altura máxima: B 2,65 m.

-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 12,58%
Recuamento á aliñación: 3,10 m
Recuamento a lindeiros: 3,20 m

Pendente máxima de cuberta: 18°
Altura do cumio: 2,75 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 75.826,80 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.576,54 €.
- Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
- Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.756,54 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.3.- Escrito presentado por Arancha Nistal Blanco, en data 6 de novembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202000000005574 (Expte. electrónico 2020/U007/000009), no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 25 de novembro de 2020, o informe xurídico de Secretaría de data 4 de decembro de 2020, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **ARANCHA NISTAL BLANCO**, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-548-09/2020**), para unha vivenda unifamiliar, en Torre, nº 61-B, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503023000000SZ, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 35/2019, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.10.2019.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA UTILIZACIÓN.

2.5.- Escrito presentado por Santiago Pemán Pérez, en representación de EL CUERVO DEL ULLA S.L., en data 1 de setembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202000000003891, no que solicita licenza de primeira utilización.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 8 de outubro de 2020, o informe xurídico de Secretaría de data 4 de decembro de 2020, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **SANTIAGO PEMÁN PÉREZ**, en representación de **EL CUERVO DEL ULLA S.L.**, a LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN (**expte P.U.-545-04/2020**), para un almacén agrícola, na Parcela 99, Polígono 131, A Pallosa, Oza, R.C.: 15083A131000990000TS, segundo a licenza municipal núm. 1/2019, concedida, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 04.02.2019. A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.- Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira utilización: 60,00 €

Total débeda: 60,00 euros.

C) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA.

2.5.- Escrito presentado por Luis Alberto Vaamonde Alvelo, en data 19 de novembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202000000005816, no que solicita prórroga de terminación da licenza urbanística con expediente núm. 30/17, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de novembro de 2017, para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Mouromorto, nº 34, parroquia de Calo.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto técnico municipal en data 25 de novembro de 2020 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **LUIS ALBERTO VAAMONDE ALVELO** (**expte. 2020/U003/000002**), a prórroga solicitada por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 145 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO:

3.1.- LICENZA 15/2020

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de José Luis Méndez Campos, en data 24 de novembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202099900002179, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020.

Vista a licenza concedida, por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 557/2020), de data 22 de xuño de 2020, a José Luis e Beate Méndez Campos, para agrupación e posterior segregación (dúas resultantes) das parcelas con referencia catastral núms. 15083B503002200001DL, 15083B503102200001DI e 15083B503052200000SB, situadas en Procelas, Cacheiras (Expte. electrónico

2020/U018/000009), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 44,00 metros cadrado

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Finca Lote 1, Procelas, Cacheiras, dunha superficie de corenta e catro metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 965, libro: 376, folio 105, data: 20 de outubro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001125094.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de dous de xullo de 2020, do notario Carlos Sebastián Lapidó Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 557/2020), de data 22 de xuño de 2020, expte. 15/2020.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida, por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 557/2020), de data 22 de xuño de 2020, a José Luis e Beate Méndez Campos, para agrupación e posterior segregación (dúas resultantes) das parcelas con referencia catastral núms. 15083B503002200001DL, 15083B503102200001DI e 15083B503052200000SB, situadas en Procelas, Cacheiras (Expte. electrónico 2020/U018/000009).

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.2.- LICENZA 32/2020

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Juan Ignacio López del Castillo, en data 1 de decembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202099900002305, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de outubro de 2020.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020, a Juan Ignacio López del Castillo Díaz e Ana María Cuba Orosa, para segregación (dúas parcelas) da finca nº 48 de concentración de Luci-Vilariño, situada en Chaves, R.C.: 15083B502000480000SO (Expte. electrónico 2020/U018/000015), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor

do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 49,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Finca núm. 48-2 de concentración parcelaria de Lucí-Vilariño, dunha superficie de corenta e nove metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 965, libro: 376, folio 222, data: 27 de novembro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001125728.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de tres de setembro de 2020, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 3 de agosto de 2020, expte. 32/2020.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020, a Juan Ignacio López del Castillo Díaz e Ana María Cuba Orosa, para segregación (dúas parcelas) da finca nº 48 de concentración de Lucí-Vilariño, situada en Chaves, R.C.: 15083B502000480000SO (Expte. electrónico 2020/U018/000015).

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

4.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900000614 do 11/06/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 24 de novembro de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 11 de xuño de 2020 (rex. entrada nº 202099900000614), para que se lle

outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 1 metros, en Ribas, nº 79 A, Oza (S.G.D.: 618520050043).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.200,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 5334 de 28/10/2020).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-22/2020) para execución dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 1 metros, en Ribas, nº 79 A, Oza (S.G.D.: 618520050043), de acordo co solicitado con data de 11 de xuño de 2020 (rex. entrada nº 202099900000614).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-22/2020) para*

execución dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 1 metros, en Ribas, nº 79 A, Oza (S.G.D.: 618520050043), de acordo co solicitado con data de 11 de xuño de 2020 (rex. entrada nº 202099900000614).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A. (rex. entrada nº 202099900002125 do 20/11/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 24 de novembro de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Tomás Rodríguez Lizana, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A., de 14 de maio de 2020 (rex. entrada nº 202099900000432), en relación á comunicación previa de obra (expte. 2020/U026/000057) para execución dun treito de 105 m. de canalización soterrada de telecomunicacións, coas súas correspondentes arquetas de rexistro, entre a rúa Viveiro, nº 12 e Rosalia de Castro, nº 81, Cacheiras (S/R.: 8118880).

Visto que con data 1 de xuño de 2020 (rex. saída nº 202000000000830), requíreselle, vía correo electrónico, a presentación de solicitude de autorización de ocupación de dominio, e a aportación dunha garantía á reposición da obra civil a realizar nas zonas públicas por importe de 5.000 euros.

Visto que con data 22 de outubro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001768), o sr. Rodríguez, presenta aval, a nome de Comfica Soluciones Integrales, da entidade BBVA, por importe de 5.000 euros.

Visto que con data 18 de novembro de 2020 (rex. saída nº 202000000002211), requíreselle, vía correo electrónico, a presentación de solicitude de autorización de ocupación de dominio.

Vista a solicitude presentada por Tomás Rodríguez Lizana, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A., de 20 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900002125), en relación á comunicación previa de obra (expte. 2020/U026/000057), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dun treito de 105 m. de canalización soterrada de telecomunicacións, coas súas correspondentes arquetas de rexistro, entre a rúa Viveiro, nº 12 e Rosalia de Castro, nº 81, Cacheiras (S/R. 8118880).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de telecomunicacións son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de telecomunicacións supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (5.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202099900001768 de 22/10/2020).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Tomás Rodríguez Lizana, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-47/2020) para levar a cabo a execución dun treito de 105 m. de canalización soterrada de telecomunicacións, coas súas correspondentes arquetas de rexistro, entre a rúa Viveiro, nº 12 e Rosalia de Castro, nº 81, Cacheiras (S/R.: 8118880), de acordo co solicitado con data de 20 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900002125).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- **Outorgar a Tomás Rodríguez Lizana, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-47/2020) para levar a cabo a execución dun treito de 105 m. de canalización soterrada de telecomunicacións, coas súas correspondentes arquetas de rexistro, entre a rúa Viveiro, nº 12 e Rosalia de Castro, nº 81, Cacheiras (S/R.: 8118880), de acordo co solicitado con data de 20 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900002125).**

Segundo.- **Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

4.3.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A IVÁN CONDE LEBORÁN. (rex. entrada nº 202000000006049 do 03/12/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 4 de decembro de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA CONCELEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Iván Conde Leborán, de 3 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 202000000006049), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para canalizar augas pluviais, atravesando a estrada, en A Torre, 61-C, Cacheiras.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300 euros (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 03/12/2020) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Iván Conde Leborán, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-48/2020) para canalizar augas pluviais, atravesando a estrada, en A Torre, 61-C, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 3 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 202000000006049).*

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Iván Conde Leborán, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-48/2020) para canalizar augas pluviais, atravesando a estrada, en A Torre, 61-C, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 3 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 20200000006049).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I” (POS+ADICIONAL 1/ 2019).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de decembro de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

INICIO EXPTE CONTRATACIÓN AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I (POS+ADICIONAL 1/ 2019)

Vista a circular de 27/09/2019 remitida pola Deputación provincial da Coruña sobre a aprobación da 1ª fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial 1ª fase, no que inclúe, entre outras, a obra denominada AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I, con código de obra 2019.2001.0593.0, e que se entende definitivamente aprobado pola Resolución 2020/33840 de 02 de novembro de 2020, pola que tamén se consideran cumpridas as condicións, cun orzamento con IVE que ascende a catro centos trinta e nove mil novecentos noventa e oito euros, con oitenta e oito céntimos de euro (439.998,88 €), financiado na cantidade de catro centos trinta mil dous centos setenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos de euro (430.275,63 €), con cargo ao referido Plan.

Visto o proxecto modificado redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., de data outubro de 2020, denominado **AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I**, cuxo orzamento xeral ascende a catro centos trinta e nove mil novecentos noventa e oito euros, con oitenta e oito céntimos

de euro (439.998,88 €).

Considerando que por Resolución da Alcaldía nº 949/2020 de 21 de outubro acordouse aprobar o citado proxecto.

Vista a acta de reformulo do proxecto de data 03 de outubro de 2020.

Visto o informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 03 de decembro de 2020.

En virtude do exposto e aos efectos previstos nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, propónse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada pola Alcaldía (res. 622/2020 de 3 de xullo) a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no proxecto AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 03 de decembro de 2020, e no que se indica que *“O presente proxecto ten como obxecto definir as obras necesarias para a reforma de la parcela anexa a cas rectoral da Igrexa de Luou, para a execución dunha área de recreo e ocio para uso público, complementando as obras de recuperación da carballeira de Luou, que contou cunha subvención da Xunta de Galicia, obras xa executadas.*

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, este departamento considera necesario que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, sobre competencias municipais en parques e xardíns.”.

Segundo.- Iniciar o procedemento para a contratación das obras previstas no proxecto denominado AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I, cuxo orzamento xeral ascende a catro centos trinta e nove mil novecentos noventa e oito euros, con oitenta e oito céntimos de euro (439.998,88 €), por procedemento aberto simplificado, asignándolle o núm. de expediente O-17/2020.

Terceiro.- Solicitar, para a súa Incorporación ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Informe técnico sobre a presente contratación.
- Certificado de existencia de crédito.
- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.”.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no proxecto AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 03 de decembro de 2020, e no que se indica que *“O presente proxecto ten como obxecto definir as obras necesarias para a reforma de la parcela anexa a cas rectoral da Igrexa de Luou, para a execución dunha área de recreo e ocio para uso público, complementando as obras de recuperación da carballeira de Luou, que contou cunha subvención da Xunta de Galicia, obras xa executadas.*

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, este departamento considera necesario que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, sobre competencias municipais en parques e xardíns.”.

Segundo.- Iniciar o procedemento para a contratación das obras previstas no proxecto denominado AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I, cuxo orzamento xeral ascende a catro centos trinta e nove mil novecentos noventa e oito euros, con oitenta e oito

céntimos de euro (439.998,88 €), por procedemento aberto simplificado, asignándolle o núm. de expediente O-17/2020.

Terceiro.- Solicitar, para a súa Incorporación ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Informe técnico sobre a presente contratación.
- Certificado de existencia de crédito.
- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A D. SALUSTIANO RODRÍGUEZ NOGUEIRA.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de decembro de 2020 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data por D.Salustiano Rodriguez Nogueira, de devolución da garantía de obra de mellora de acceso a parcela en Cruces 8, Cacheiras.

Visto o informe do técnico municipal, de data 12/11/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 03/12/2020 , favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por Salustiano Rodríguez Nogueira para obra de mellora de acceso a parcela en Cruces 8,Cacheiras , por importe de **200,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.”.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por Salustiano Rodríguez Nogueira para obra de mellora de acceso a parcela en Cruces 8,Cacheiras , por importe de 200,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz